# Arquivo da *«Empresa de conducción de Sales»* do Alfolí de Betanzos, de D. Manuel Martínez Vega e sucesores, no AMB


ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*
JOSÉ Mª VEIGA FERREIRA**
ERMITA RODRÍGUEZ PÉREZ***



Sumario

Inventario (seccións, subseccións, series e unidades de instalación) do Arquivo do Alfolí de Betanzos, unha empresa de D. Manuel Martinez Vega e sucesores, do século XIX. Atópase no Arquivo Municipal de Betanzos.

Abstract

Inventory (sections, subsections, series and installation units) of the Alfolí de Betanzos Archive, a company of D. Manuel Martinez Vega and successors, from the 19th century. It is in the Municipal Archive of Betanzos.


Hai máis de vinte anos, José Mª Veiga e quen isto está a escribir (Erias) entramos na casa ruinosa de don Francisco Javier Martínez Santiso, da Rúa Nova de Betanzos, con permiso do seu xenro, don Luis Veiga Cadaveira, e recollemos un feixe de papeis tirados caoticamente polo chan e cheos de po. Como xa fixeramos con outros arquivos da cidade, que salvamos *in extremis*, metémolos nunhas caixas de cartón e levámolos nos nosos coches ás dependencias do Arquivo Municipal de Betanzos. Por fin, agora, chegoulles o momento de volver á súa organización orixinal, que, naturalmente, reconstruímos o mellor posible, para poder ser investigados.

Ese montón de papeis contiñan dous tipos de fondos: 1) o arquivo da ***«Empresa de conducción de Sales»*** de D. Manuel Martínez Vega, continuada, logo do seu falecemento en 1882, pola súa viúva, Dª Vicenta Santiso Seoane; e 2) papeis varios do arquivo persoal disperso do seu fillo, o pintor, debuxante, fotógrafo, *«inteligente de obras»* do concello, profesor, escritor..., don Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1933), un dos intelectuais máis destacados do Betanzos do seu tempo.

Empezamos o traballo de organización arquivística polo arquivo da ***«Empresa de conducción de Sales»*** (desde *ca.* 1828 a 1885), que debeu estar situada en varios edificios, pero, finalmente, no máis apropiado, o medieval Alfolí do Sal, da rúa do Alfolí de Betanzos, á beira do río Mandeo, mentres seguimos a organizar os papeis de FJ Martínez Santiso.

Por escrituras notariais relativas ó patrimonio familiar (que empezan en 1722) e por docs. persoais deste arquivo, podemos dicir que D. Manuel Martínez Vega é natural do

---


* **Alfredo Erias** é doutor en Hª da Arte e licenciado en Xeografía e Historia pola Univ. de Santiago. É director do Arquivo, Biblioteca e Museo das Mariñas, así como do *Anuario Brigantino*, do concello de Betanzos.
** **José María Veiga Ferreira** é licenciado en Xeografía e Historia pola Univ. de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.
*** **Ermita Rodríguez Pérez** é traballadora do Concello de Betanzos no Centro Cultural Santo Domingo e colaboradora do *Anuario Brigantino*.

**Arquivo da *«Empresa de conducción de Sales»* do Alfolí de Betanzos, de D. Manuel Martínez Vega e sucesores, no AMB**

| SECCIÓN | SERIE | ANOS LÍMITE | Unidades instalación |
|---|---|---|---|
| **Patrimonio familiar** | Escrituras notariais e outros docs. relativos ó patrimonio familiar...................................... | 1722-1881 | 1 |
| **Goberno** | Documentos relativos ó marco xurídico...................... | 1828-1850 | 1 |
| | Documentos xudiciais e afíns.................................... | 1831-1881 | 1 |
| **Secretaría** | **Correspondencia** | | |
| | Correspondencia de entrada....................................... | 1828-1885 | 38 |
| | Libros manuscritos copiadores de correspondencia de saída........................................................ | 1850-1880 | 3 |
| | Telegramas............................................................... | 1849-1881 | 1 |
| | **Contratación** | | |
| | Contratas de fretamento de barcos e docs. afíns......... | 1847-1883 | 1 |
| | Contratos de asociación e outros............................... | 1853-1871 | 1 |
| **Persoal** | Relacións de soldos ou *«jornales»*............................. | 1851-1885 | 1 |
| **Contabilidade** | Documentos relativos a «Bagages» subministrados a corpos militares e a cárceres, máis un *«Itinerario de las principales rutas de este distrito de Galicia [1847]»*......................................... | 1834-1860 | 1 |
| | Recibís..................................................................... | 1834-1885 | 1 |
| | Contas correntes de *«Cargo»* e *«Data»* ou *«Debe»* e *«Haber»* entre a empresa e particulares......... | 1839-1882 | 1 |
| | *«Liquidación y ajuste general de todas las cuentas»*.... | 1842-1855 | 1 |
| | *«Pagarés»*.................................................................. | 1846-1872 | 1 |
| | Libro *«Diaro general de gastos»*............................... | 1847-1850 | 1 |
| | Libros de caixa de condución de sales marítimas, por mar e por terra................................................ | 1847-1852 | 1 |
| | Libro *«Razón de giros»*............................................. | 1847-1859 | 1 |
| | Abonos...................................................................... | 1847-1880 | 1 |
| | *«Nota de la sal recibida»* en distintos alfolís.............. | 1847-1881 | 1 |
| | Facturas.................................................................... | 1847-1881 | 1 |
| | Letras de cambio....................................................... | 1847-1881 | 1 |
| | Documentos relativos a impostos............................. | 1847-1883 | 1 |
| | Recibos de extracción de sal.................................... | 1849-1873 | 1 |
| | Pólizas de seguros marítimos.................................... | 1849-1882 | 1 |
| | Contas e outros documentos relativos a obras de casas e barcos........................................................ | 1850-1881 | 1 |
| | Libro *«diario»* e de *«depósito»* de viño e outros produtos (control de existencias)......................... | 1851-1864 | 1 |
| | Contas relativas a obras públicas............................... | 1853-1880 | 1 |

| SECCIÓN | SERIE | ANOS LÍMITE | Unidades instalación |
|---|---|---|---|
| | Contabilidade de viños da sociedade entre D. Manuel Martínez Vega e D. José Pita.......................... | 1854 | 1 |
| | *«Libro de Créditos á favor y en contra de Don Manuel Martínez Vega»* e *«Recopilación de créditos»*....................................................... | 1854-1867 | 1 |
| | *«Libro de Caja para uso de D. Manuel Martínez Vega que contiene todas las cuentas pendientes y los créditos que existen por todos conceptos a su favor y en contra»*..................................... | 1856-1859 | 1 |
| | Libro diario de *«entradas»*......................................... | 1856-1862 | 1 |
| | *«Libro mayor de cuentas corrientes»*.......................... | 1857-1878 | 1 |
| | Recibos de pago de seguros de incendios.................... | 1858-1864 | 1 |
| | Recibos e relacións de gastos da familia de Don Manuel Martínez Vega................................... | 1858-1883 | 1 |
| | *«Relación de los nuebos pagadores en las parroquias de San Pedro da Porta, San Jorge da Nogueyra y San Julián de Grijalba»*................................ | 1861 | 1 |
| | Presupostos e listas de prezos................................... | 1866-1880 | 1 |
| | *«Cuentas reservadas»*............................................... | 1871-1873 | 1 |
| | Diario de *«venta de sales»*......................................... | 1877-1878 | 1 |
| | *«Diario de ventas al pormenor»*................................ | 1880-1881 | 1 |
| | Diario de venda de *«sal a carreteros»*........................ | 1881-1882 | 1 |
| | *«Libro diario de operaciones de comercio de la Sra. Viuda de Martínez Vega»*................................ | 1882-1883 | 1 |
| | Borradores e outros papeis contables soltos e sen data | ............... | 1 |
| **Hemeroteca** | *Boletín Oficial Provincia de Coruña*<br>nº 15, 1852<br>nº 9, 1853<br>nº 48, 1854<br>nº 131, 1854<br>nº ?, 1856 (unha páx.).................................... | 1852-1856 | |
| | *La Gallega: Compañía de seguros contra incendios. Boletín administrativo* núm. 20, Santiago, Ex-convento de S. Martín, 31-12-1858........... | 1858 | 1 |
| | *Las Noticias. Edición de provincias.* Madrid Año II, nº 625, 31-12-865.............................. | 1865 | |
| | *López y Murciano. Comisiones. Consignaciones. Málaga. Revista mensual del mercado.* 1-03-1871... | 1871 | |
| **Docs. persoais** | Documentos médicos e persoais de Don Manuel Martínez Vega........................... | 1827-1881 | 1 |

porto de San Ciprián, parroquia de Santa Mª de Lieiro (Cervo, partido xudicial de Viveiro, Lugo). Alí vivían seus pais, D. José Antonio Martínez de la Vega e Dª Vicenta López de Ron. Conservamos a partilla (29-08-1843) por morte de seu pai e iso permítenos ver que había sete herdeiros e un gran número de propiedades: 209 entre casas, fincas, montes, prados... todo inscrito con precisión en dous memoriais, o que parece indicar que estamos diante dun antigo fidalgo de éxito que derivou no réxime liberal nun gran propietario con varios lugares (un lugar é un conxunto de casa e terras nas que vive unha familia labrega) aforados, etc.



O primeiro pola esquerda é o edificio do **Alfolí do sal** na Rúa do Alfolí, en Betanzos. Xa se documenta en 1372 e aínda hoxe sigue en pé, pero con outra fachada. Foto: F. J. Martínez Santiso arredor de 1900, fillo menor de don Manuel Martínez Vega e dona Vicenta Santiso Seoane, que tiveron alí a súa ***«Empresa de conducción de Sales»***, polo menos desde 1860. Este edificio era propiedade de **D. José Arias Uría** (avogado e propietario de Betanzos que fora ministro de Gracia e Xustiza con Espartero no 1856) e arrendoullo a D. Manuel Martínez Vega o 15-02-1860 por 240 reais cada ano. Antes o apoderado de seus sobriños, os fillos ausentes do defunto **D. Feliciano Vicente Faraldo**, arrendara a D. Manuel Martínez Vega a casa nº 14 da rúa de San Francisco, polo menos desde o 02-08-1850 ó 15-09-1853.

D. Manuel Martínez Vega recibe en concepto de *«legítima»* 11.104 reais e 12 maravedís, quedando unha débeda de 14.274 reais que pagan tódolos herdeiros a partes iguais. Por este tempo xa vivía en Betanzos, aínda que non sabemos se a súa casa era a nº 15 dos soportais do Campo (documentada no 1868) ou a da rúa Nova (1872).

Segundo datos de Carlos Fernández (*Anuario Brigantino 1991*, p. 87), obtivo en 1840 o título de *Bachiller* na facultade de Medicina. É titular no Instituto Libre da cátedra de *Fisiología e Higiene*. Exerce como médico polo menos desde 1849, figurando como *«Licenciado en Medicina y Cirujía»*. Ocupa o cargo de vocal da *Junta de Beneficencia* no 1868 e 1869. É vocal da *Junta de Sanidad* entre 1871 e 1874.

Estaba casado con Dª Juana Vázquez Martínez, de Lieiro como el, pero morreu, casando logo coa súa «doméstica» (criada solteira), Dª Vicenta Santiso Seoane o 20-05-1863, coa maior discreción na parroquia de *San Jorge* da Coruña, porque para ese tempo xa tiñan tres fillos: Manuel de 6 anos; Sinforiano de 5, e Jesualdo de 15 meses (datos do certificado de matrimonio deste arquivo e do Padrón de 1865).

Cando vemos o arquivo espectacular da súa ***«Empresa de conducción de Sales»,*** preguntámonos de onde podía sacar tanto tempo este médico para levar a empresa con tanta meticulosidade. Pénsese que só a serie de **Correspondencia de entrada** conta con **8.602 cartas recibidas**, que ordenamos en 38 unidades de instalación. Logo deixaba constancia das cartas emitidas en libros copiadores. E en canto á contabilidade, vese que se adapta ás últimas técnicas. Porque hai que dicir que a parte importante da empresa era



Relación de alfolís das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, ós que a empresa de D. Manuel Martínez Vega subministraba sal. Están agrupados segundo que o sal procedera das fábricas de **Torrevieja** (Alicante), **San Fernando** (Cádiz) ou **Ibiza**.

a condución de sales desde as salinas de Torrevieja (Alicante), San Fernando (Cádiz) e Ibiza, con barcos, propios uns e contratados outros, para despois subministrar este sal desde Betanzos a outros alfolís de Galicia, con carreteiros ou barcos, dependendo. Pero ampliou as materias subministradas a viño, augardente, aceite, cereais, louza de Sargadelos, panos... E mesmo aparece en construcións públicas.

Tamén subministraba ó Exército e por iso temos un precioso *Ytinerario de las principales rutas de este distrito de Galicia* (1847), moi interesante para reconstruír hoxe os vellos camiños, como o **Camiño Norte orixinal**. Asociouse cando o considerou necesario e, ó mesmo tempo, quizais lembrando a imaxe de seu pai, era un propietario rendista con moitos bens raíces na comarca.

Como se perderon moitísimos arquivos semellantes en Galicia, este é un pequeno tesouro que espera a atención e o agarimo de quen poida facer del unha brillante tese doutoral.



Año de 1847.
Ytinerario de las principales rutas de este distrito de Galicia

Camino Militar de la Coruña a la frontera de Asturias

Portada e unha folla do ***Ytinerario de las principales rutas de este distrito de Galicia*** (1847). A folla danos os datos do *«Camino Militar de la Coruña a la frontera de Asturias»*, que abarca o Camiño Norte orixinal Ribadeo-Betanzos.





Factura emitida o 28 de decembro de 1848 pola **«Empresa de las Fábricas de Fundición y Loza de Sargadelos»** de **«3 cajas menores con loza»** que **«se embarcarán en primera ocasión de buque por orden, cuenta y riesgo de Dn Manuel Martínez de la Bega, de Betanzos»**.









Algúns emblemas de empresas que aparecen en documentos deste arquivo e que por si sós xa nos falan da gran área de actuación da empresa de D. Manuel Martínez Vega.




